



Concello de Monterroso

Decreto.- Monterroso, 15 de setembro de 2016

Vistas as programacións para o curso 2016-2017 dos seguintes servizos declarados prioritarios por acordo de Pleno do Concello de 09 de outubro de 2012

- da escola municipal de música
- das actividades de ocio municipais

Tendo en conta que polo número de solicitudes de matrícula para as especialidades que se convocan, trátase duns servizos que resulta necesario ter cubertos e que, xurde a necesidade de contratar con carácter puntual para cubrir as necesidades anteriormente sinaladas profesores/as de música, e monitores/as para as actividades de ocio municipais, que asuman a impartición destas especialidades durante o curso 2016-2017.

Tendo en conta que mediante informe da intervención do Concello de Monterroso, acredítase a existencia de crédito suficiente e adecuado para a contratación profesores/as de música a tempo parcial, nas condicións que a continuación se sinalarán.

Tamén compre sinalar que todas estas actividades que se programan xa se prestaron no curso 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016 xa que despois da entrada en vigor da LRSAL (o 31 de decembro de 2013) as Entidades Locais non poden seguir exercendo competencias que non lles foron atribuídas xa sexa como propias ou como delegadas, salvo que concorran os requisitos establecidos no artigo 7.4 da LBRL, lexislación que ten que ser interpretada tamén coa Lei galega 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no artigo 3: "Competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación

1.- O exercicio de novas competencias polas entidades locais que sexan distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontre delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública..."

2.- Para os efectos deste artigo, entenderase por exercicio de novas competencias os procedementos que se inicien para o establecemento de servizos de nova planta consonte o artigo 297.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como a modificación dos servizos xa establecidos para a realización de novas actividades prestacionais, cando non constitúan desenvolvemento, execución ou non tendan á consecución dos fins das competencias atribuídas como propias ou das competencias que se exerzan por delegación.

Así mesmo, entenderase como exercicio de novas competencias o exercicio da actividade de fomento polas entidades locais mediante o establecemento de subvencións cando non constitúan desenvolvemento, execución ou non tendan á consecución dos fins das competencias atribuídas como propias ou das competencias que se exerzan por delegación.

3. En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.



Concello de Monterroso

Por todo o anterior e tendo en conta o establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais disposicións concordantes, esta alcaldía adopta a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeira: Convocar un procedemento público para proceder á selección de profesores/as para a impartición das seguintes especialidades na escola de música municipal, que prestarán os seus servizos a tempo parcial durante o curso 2016-2017 (de outubro de 2016 a xuño de 2017):

- piano, música e movemento e linguaxe musical
- percusión
- guitarra
- acordeón
- violín e linguaxe musical
- vento-metal

Segundo: Convocar un procedemento público para proceder á selección de monitores/as para as actividades de ocio nas seguintes modalidades, que prestarán os seus servizos a tempo parcial durante o curso 2016-2017 (de outubro de 2016 a xuño de 2017):

- informática
- tenis e padel.
- patinaxe
- ioga

Terceiro: Inserir un anuncio desta convocatoria outorgando un prazo de seis (6) días naturais para a presentación de instancias por parte dos interesados a contar a partir do día seguinte á publicación no boletín oficial da provincia de Lugo.

Cuarto: Aprobar as bases para a realización do correspondente proceso selectivo que se xuntan como anexo.

Mándao e asíno o señor alcalde do que eu, secretario acumulado, dou fe.

O alcalde

O Secretario-Interventor Acumulado

Jesús Otero Calvo

Froilan Pallin Seco.



Concello de Monterroso

BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PROFESORES/AS PARA A IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES DOCENTES MUSICAIS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA, E DE MONITORES/AS PARA AS ACTIVIDADES DE OCIO MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONTERROSO (CURSO 2016/2017) E ELABORACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

A presente convocatoria efectúase para cubrir as prazas que a continuación se atopan vacantes no cadro de persoal laboral deste Concello.

Mediante contrato de duración determinada (curso escolar 2016-2017) seleccionaranse varios profesores/as para a impartición de clases de música na Escola de Música do Concello de Monterroso, e de monitores/as para as actividades de ocio municipais, durante o curso escolar 2016/2017, nas tarefas que se definan no desenvolvemento das correspondentes actividades, durante o período comprendido entre outubro de 2016 a xuño de 2017, conforme se concreta a continuación.

A xornada laboral será a tempo parcial e unha duración semanal proporcional o nº de alumnos por especialidade.

As especialidades a cubrir son as seguintes:

Escola de música:

- piano, música e movemento e linguaxe musical
- percusión
- guitarra
- acordeón
- violín e linguaxe musical
- vento-metal

Actividades de ocio:

- informática
- tenis e padel
- patinaxe
- ioga

Tanto o número de horas como a súa distribución poderá ser modificada en función do número de alumnos existentes en cada momento de vixencia do respectivo contrato, así como pola necesidade de adecuar as diferentes clases ou actividades en función dos niveles ou grupos de alumnos/as á obtención dun mellor rendemento académico.

2.- FUNCÍONS.-

Escola de música:

As propias de Profesor de música, con dedicación ás especialidades aludidas,



Concello de Monterroso

segundo as necesidades da Escola e programación anual, e en concreto, sen carácter exhaustivo, as seguintes:

- a) Clases de instrumento, en cada unha das especialidades sinaladas.
- b) Participar nas demostracións didácticas, actividades varias ou nos concertos programados pola Escola.
- c) Impartir as clases de música de conxunto, que no seu caso poidan existir.
- d) Desenvolver a totalidade das anteriores funcións así como calquera outra que se estableza baixo a coordinación inmediata do Director das actividades docentes musicais do Concello.

Actividades de ocio:

As necesarias segundo as actividades e programación anual establecida polo Concello.

3.- REQUISITOS.- Poderán optar a estas prazas os que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos.
- c) Estar en posesión da titulación necesaria para cada unha das modalidades.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ser separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- f) Non atoparse inculco nalgún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade establecidas na lexislación vixente.
- g) Aceptar as bases da convocatoria e comprometerse a desenvolver a función e tarefas propias do posto de traballo.
- h) Os requisitos mencionados deberán posuírse polo menos o día en que finalice o prazo de presentación de instancias.

Requisitos específicos de cada modalidade:

Escola de Música:

- 1) Para as especialidades de piano, guitarra, percusión, violín, acordeón, e vento-metal será preciso estar en posesión do título de Grado superior ou Grado profesional de conservatorio.
- 2) Para a especialidade de linguaxe musical e música e movemento será preciso estar en posesión do título de Grado profesional de conservatorio.

4.- SOLICITUDES.- As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO I desta convocatoria e que será facilitado ós interesados nas oficinas xerais do concello, así como na páxina www.monterroso.es e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación, presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monterroso, de 9 a 14 horas, no prazo de SEIS DÍAS NATURAIS dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo .



Concello de Monterroso

Nas devanditas solicitudes, farase constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos antes enumerados, acompañarase:

- Identificación persoal, domicilio e teléfono.
- Declaración de non atoparse incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade.
- Declaración de aceptación das bases e desenvolvemento das funcións.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia títulos académicos (cotexado)

No caso de presentación de instancias a través de rexistro público oficial distinto do Rexistro Xeral do Concello de Monterroso haberá de comunicarse a participación no presente concurso a través do fax Nº 982-377617.

5. ANUNCIO CONVOCATORIA.- Publicaranse anuncios na páxina web, no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.-. MÉRITOS.- Valoraranse conforme aos seguintes criterios:

Escola de Música:

A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.-

- Por desenvolvemento de actividade docente musical nalguna escola de música municipal (0,5 puntos/mes ou fracción) cun máximo de 20 puntos.
 - Por desenvolvemento de actividade docente musical en calquera outro tipo de centro educativo (0,2 puntos/mes ou fracción) cun máximo de 10 puntos.
- A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais ou informes descritivos do tempo e funcións desenvolvidas acompañados da vida laboral (certificados administrativos, informes, vida laboral, contratos administrativos, contratos laborais ou similares).

B.- FORMACIÓN PREVIA.

Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. Ata un máximo de 2 puntos

Con duración de ata 30 horas..... 0'10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0'20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

C.- OUTRA FORMACIÓN.- Será valorada cun máximo de 4 puntos

- Cursos de liguaxe administrativo.- Medio: 0,5 puntos; Superior: 1,00 punto.

Concello de Monterroso



Concello de Monterroso

- Gravacións musicais co seu correspondente depósito legal.- 0,5 puntos cun máximo de 3,00 puntos.

Escolas deportivas:

A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.

- Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira: 0,5 puntos/mes ou fracción) cun máximo de 20 puntos

- Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira na empresa privada: (0,2 puntos/mes ou fracción) cun máximo de 10 puntos.

A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais ou informes descritivos do tempo e funcións desenvolvidas acompañado da vida laboral (certificados administrativos, informes, vida laboral, contratos administrativos, contratos laborais ou similares).

B.- FORMACIÓN PREVIA.

Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos, exceptuando xornadas, conferencias e seminarios. Ata un máximo de 2 puntos

Con duración de ata 30 horas..... 0'10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0'20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

C.- OUTRA FORMACIÓN.- Será valorada cun máximo de 2 puntos.

- Ser monitor dunha segunda e sucesivas modalidade de distinta á que opta: 0,5 puntos cun máximo de 1 punto.

- Cursos de liguaxe administrativo.- Medio: 0,5 puntos; Superior: 1,00 punto.

D.- ENTREVISTA

-Terá carácter curricular e servirá para buscar un perfil axeitado á actividade. Puntuación máxima: 6 puntos.

7.- TRIBUNAL. - O Tribunal cualificador estará integrado por un presidente, un secretario e tres vogais designados pola alcaldía xunto co decreto de admitidos e excluídos.

Poderase dispoñer a incorporación aos traballos do Tribunal de asesores especialistas, quen colaborarán exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Concello de Monterroso



Concello de Monterroso

Para constituírse e actuar haberán de estar presentes, polo menos, a metade máis un dos membros do Tribunal, os cales realizarán os seus cometidos mediante o exercicio de voz e voto, a excepción do Secretario que, polas súas funcións, carecerán deste último.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias suscítense durante o proceso selectivo, así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura das prazas convocadas.

8.- PROCESO SELECTIVO.-

1. Finalizado o período de presentación de instancias, a alcaldía ditará resolución coa aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos/as e no seu caso, excluídos/as, con indicación da causa da exclusión e o prazo de subsanación dos erros subsanables.

2. Transcorrido devandito prazo, as reclamacións, se as houberse, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución de alcaldía, a cal conterá a lista definitiva de admitidos/as, lugar, data e hora en que se realizará a valoración de méritos e entrevista curricular.

3. No entanto, se en calquera momento posterior á aprobación das listas definitivas, ou ata durante a celebración das probas, advertísese nas solicitudes dos aspirantes inexactitude ou falsidade que fose causa de expulsión, esta considerárase defecto insubsanable e resolverase a exclusión definitiva do proceso selectivo.

4. O resultado da valoración, por orde de puntuación, publicarase no Tablón de Edictos Municipal e na páxina web municipal.

9.- **CONTRATACIÓN.-** O Tribunal propoñerá á Alcaldía a contratación das persoas que obteñan maior puntuación.

O aspirante seleccionado presentará no prazo de 3 días, a contar do seguinte publicación do resultado da selección, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.

Unha vez aportados ditos documentos, a contratación efectuarase no momento de inicio das actividades programadas. O calendario de vacacións será con



Concello de Monterroso

datas axustadas ao calendario escolar (Nadal, Semana Santa,...).

Coa finalidade de facer fronte a posibles vacantes ou necesidades que poidan surxir, elaborárase una bolsa de emprego coas persoas admitidas o proceso selectivo por orde de puntuación. Neste caso, a contratación levarase a cabo baixo a modalidade contractual adaptada a cada circunstancia ou necesidade.

10.- CLÁUSULA ADICIONAL.-

No suposto que non se presenten peticións para algunhas das prazas ofertadas estas bases seguirán vixentes, sendo suficiente para cubrir calquera praza un aviso (no Taboleiro de anuncios deste Concello) cun prazo perentorio para presentar as solicitudes.

O Concello resérvase a posibilidade de que se algunha praza non queda cuberta poida atenderse cunha redistribución de horas entre os aspirantes seleccionados.

O Concello resérvase a posibilidade de resolver aquelas dúbidas que puidesen xurdir no desenvolvemento desta convocatoria.

11.- CLÁUSULA FINAL.- RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos deriven da mesma impugnaranse cos medios e forma previstos na vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Monterroso 15 de setembro de 2016
O Alcalde-Presidente

Jesús Otero Calvo.



Concello de Monterroso

ANEXO I

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN DE
DO CONCELLO DE MONTERROSO
(CURSO 2016/2017) E ELABORACIÓN DE LISTA DE RESERVA.

I.- DATOS PERSOAIS

APELIDOS		NOME
DNI	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS		CÓDIGO POSTAL
		MUNICIPIO
		PROVINCIA

EXPOÑO:

1º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ser cidadán da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos.
- c) Estar en posesión da titulación esixida.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ser separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- f) Non acharse inculco nalgún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade establecidas na lexislación vixente.
- g) Aceptar as bases da convocatoria e comprometerse a desenvolver a función e tarefas propias do posto de traballo.
- h) Os requisitos mencionados deberán posuírse polo menos o día en que finalice o prazo de presentación de instancias.

2º.- Que me comprometo no caso de ser seleccionado/a a dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e a incorporarme o correspondente posto de traballo.

3º.- Que aporto todos os documentos que se relacionan no apartado 4 das presentes bases.

4º.- Que aporto a documentación xustificativa da fase de concurso:

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

5º) Que autorizo ó Concello do Monterroso para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Monterroso, a de de

(Asinado)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONTERROSO (LUGO)

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617